

1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Nigrán. Parroquias: San Xoán de Panxón.
Extensión: 1,08 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Illas e vertente continental do Monteferro caracterizadas polo seu perfil acantilado de gran potencia no que predominan os fortes desniveis. Non obstante, obsérvanse diferenzas en canto ao modelado en relación directa coa litoloxía xa que as Illas Estelas e a fronte costeira continental que se sitúa fronte a elas presentan un aspecto macizo e de gran convexidade, cunha liña de costa máis regular, debido á súa natureza litolóxica granítica. Pola súa banda, o resto da unidade está formada sobre materiais xistosos que dan lugar a unha costa aínda que tamén acantilada, moito máis irregular con entrantes e salientes asociados a liñas de debilidade e restos de plataforma rochosa na súa fronte. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Monte Ferro e o EIX Plataforma costeira de Monte Ferro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que a unidade se compón maioritariamente de lousas, xistos e paragneises, do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, contendo metaconglomerados, niveis calcossilicatados e cuarzitas, a fronte costeira de Monte Ferro e o conxunto das Illas Estelas presenta unha litoloxía máis resistente, de granitos de afinidade alcalina.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais, temperatura media superior a 15° C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano. Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido na unidade costeira e a área insular.

OS SOLOS

Tramo acantilado con predominio dos solos novos e esqueléticos, moi afectados pola dinámica erosiva, do tipo regosol e mesmo leptosol lítico nos que abundan os afloramentos rochosos. Xeralmente soportan unha explotación forestal aínda que nos sectores insulares tan só se desenvolve a característica matogueira costeira. Localmente, onde as pendentes son pouco pronunciadas e en pequenas valgadas, poden formarse solos máis fértiles e profundos do tipo cambisol dístrico.


AS AUGAS

As ladeiras do Monteferro, que conforman unha costa acantilada, e o escaso desenvolvemento continental das Illas Estelas, impiden a existencia dunha rede hidrográfica nesta unidade. Existen non obstante, pequenas valgadas orixinadas por arrosos temporais que verten ás Augas Costeiras 20159, como a que desemboca na praia R. Brancas. As Illas Estelas quedan dentro doutra masa de Augas Costeiras: a que responde ao código 20102.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas. Sector acantilado no que se inclúen as illas Estelas. A unidade completa o LIC Illas Estelas, do que o Monte Ferro só participa coa liña de costa. Os hábitats dominantes son: os acantilados mariños atlánticos (1230) e a vexetación anual sobre refugallo mariño acumulados (1210); sobre as paredes dos cantís, desenvólvense sectores de matogueira que reproducen os hábitats 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans. Afloramentos na vertente occidental de Monte Ferro e nas propias illas achegan hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, aínda que nas illas, o forte ambiente mariño fai que este hábitat sexa de gran similitude ao que desenvolven os acantilados atlánticos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A península de Monteferro compón xunto ás Illas Estelas unha das paraxes máis singulares de toda a costa sur da Ría de Vigo. Este espazo destaca pola ausencia de edificacións e o predominio das coberturas arbóreas procedentes de repoboación e formacións vexetais costeiras que ocupan a parte alta da fronte acantilada. Os espazos insulares, caracterizados pola ausencia de vexetación de porte arbóreo, constitúense como un importante banco marisqueiro e pesqueiro moi apreciado polos mariñeiros.

MORFOLOXÍA

A disposición das coberturas vexetais responde a criterios naturais xa que os factores ambientais e orográficos son os que delimitan o ámbito e a extensión dos diferentes tipos de flora que cobren tanto a península como o espazo insular adxacente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As únicas infraestruturas de mobilidade que se recoñecen na unidade están ligadas coas estradas de acceso ao miradoiro natural que é Monteferro. Estas vías preséntanse como infraestruturas de escasa entidade e carácter local que comunican esta costa co núcleo de Nigrán.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Este espazo tivo un especial simbolismo dende antigo, feito que se confirma coa presenza dunha serie de petroglifos (Punta Lamela, Coello 1 e Coello 2) situados no bordo costeiro da península. Así mesmo, na ladeira detrás do faro localízanse antigas baterías militares que se estenden ata case o miradoiro, onde se sitúa un monumento aos Mártires do Mar, situado no alto de Monteferro como homenaxe a todos aqueles que perderon a vida no mar.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha península caracterizada polas fortes pendentes de caída ao mar, cubertas por densas masas forestais e formacións climácico de matogueira. De arraigada tradición forestal, o monte veciñal que é Monteferro erixese en punto natural de observación, de excelentes calidades para a percepción de unidades próximas, do parque nacional das Illas Atlánticas, ou as rías de Vigo e Baiona. Monteferro móstrase ao visitante como un lugar ideal para o gozo da natureza tanto polos seus espectaculares acantilados como pola súa vexetación boscosa.

DINÁMICA DA PAISAXE

As únicas dinámicas salientables son as derivadas do natural crecemento das masas boscosas plantadas a metade do século XX.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Península miradoiro dende o que contemplar conchas visuais panorámicas do mar atlántico, as Illas Estelas, situadas fronte á península e que marcan o límite entre a Ría de Vigo e a entrada á Baía de Baiona. Nas illas, ademais do seu importante valor ecolóxico como lugar de anidamento de gaivotas e corvos mariños, destaca o seu valor como criadeiro de marisco e peixes. O conxunto da península de Monteferro e as illas Estelas están considerados como parque natural e aparecen recollidos dentro do catálogo de protección Rede Natura 2000 debido ás súas características naturais en contraste co ámbito urbano que o rodea.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantís / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m











Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



